Cursos Igape-EOI Xestión Internacional da Empresa

Last Updated Tuesday, 29 January 2013

OBXECTIVOS

Formar ás pemes galegas en materia de internacionalización e en áreas de competitividade nun mercado global mediante un programa de formación especializado e a tutorización de expertos na materia.
Preparar ao directivo ou traballador da empresa para elaborar e desenvolver o seu propio plan de internacionalización.
Formar a especialistas en comercio exterior.

MÉTODOLOGIA DO-PROGRAMA

Consta de 2 bloques diferenciados:
· Parte Lectiva: En modalidades Blended Learning (Presencial e on line).
· Parte Titorización: En modalidade presencial para a realización dun Plan de Internacionalización propio da empresa do participante.

As materias que se imparten no curso divídense nos seguintes módulos: manexo de ferramentas, Axudas a internacionalización, Marketing Internacional, Logística, Creatividade, Fiscalidade Internacional, Contratación Internacional, Financiación Internacional, TIC´s aplicadas a Internacionalización, Sostenibilidades e Responsabilidade Corporativa.

Proxecto-Plan estratéxico de internacionalización: Nas titorías, persoais e individualizadas, faise un seguimento dos proxectos de cada participante. A realización do proxecto pretende guiar aos alumnos a través das diferentes etapas que conforman o proceso de internacionalización da empresa obrigándolles a poñer en xogo as funcións típicas da xestión empresarial.

SERVIZOS ADICIONAIS POST-FORMACIÓN
Acceso á Redepyme, pemes en rede, dirixida a pemes e emprendedores co obxecto de apoiar de forma activa a consolidación e creación de empresas en todos os sectores económicos e favorecer a capacidade das pemes españolas para adaptarse ao entorno, a través de formación, asesoramento, foros e puntos de encontro.

Temas relacionados:

- Boletín-lista de distribución novidades e convocatorias Igape

- Solicitude servizos internacionalización

-